



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Formación do profesorado de formación profesional

Convocatoria de proxectos de formación para o
curso 2014-2015





Índice

1. Introducción.....	3
2. Bases.....	4
2.1 Obxecto	4
2.2 Persoas destinatarias	4
2.3 Duración	5
2.4 Preinscrición	5
2.5 Solicitud de participación	5
2.6 Comisión de selección	6
2.7 Selección	6
2.8 Resolución da convocatoria	7
2.9 Dotación e xestión económica	7
2.10 Coordinación e asesoramento	8
2.11 Seguimento	8
2.12 Avaliación	8
2.13 Certificación.....	9
2.14 Difusión e publicación de materiais.....	10





1. Introducción

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable da planificación da formación do profesorado, prevé para o curso 2014-2015 a convocatoria en centros docentes sostidos con fondos públicos de proxectos de formación específicos para o profesorado de formación profesional, atendendo ás características deste colectivo, como modalidade fundamental de formación, que se desenvolve nos propios centros educativos para favorecer e estimular o traballo en equipo do profesorado.

Esta modalidade está dirixida a propiciar e facilitar a innovación, a mellora da práctica docente e a actualización científico-técnica, no propio centro educativo e desde el, de modo que incida na mellora da educación.

Isto supón a participación do profesorado no deseño da súa propia formación, desde unha perspectiva de equipo e en función dun proxecto conxunto, cos seguintes obxectivos:

- Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado de formación profesional, e facilitarlle ao resto do profesorado o acceso á información obtida mediante a elaboración e a difusión de actividades de aplicación directa a aula.
- Fomentar a súa formación nas competencias profesionais para abordar con eficacia todas as situacións do proceso de ensino e aprendizaxe, e no desenvolvemento das funcións que o profesorado debe desempeñar nunha sociedade complexa e en permanente cambio.
- Potenciar a relación entre o profesorado de formación profesional e as empresas para, deste xeito, ofrecerlle unha mellor orientación ao alumnado de formación profesional.
- Establecer liñas de traballo e de toma de decisións para a mellora consensuada da educación do alumnado e do funcionamento dos centros, así como para a posta en práctica e a avaliación de accións que repercutan na mellora da calidade dos procesos curriculares e organizativos.
- Promover a formación e a actualización metodolóxica e científico-tecnolóxica dos equipos docentes a través do traballo colaborativo e do fomento da súa autonomía, partindo da experiencia e da capacidade do profesorado.

Liñas de actuación prioritaria

Para a presente convocatoria establécense as seguintes:

- Dar cobertura ás necesidades formativas derivadas da implantación das ensinanzas de formación profesional establecidas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluíndo os novos títulos de formación profesional básica.
- Satisfacer as necesidades formativas derivadas da implantación da aplicación informática para a elaboración de programacións e deseño de actividades.
- Formar ao profesorado respecto da implantación de procesos de xestión de calidade nos centros e a súa certificación.





- Mellorar a orientación profesional do alumnado de formación profesional.
- Potenciar a transferencia da cultura do emprendemento entre o alumnado.
- Transferir o coñecemento dos procesos e dos medios do sector produtivo á aula.
- Facilitar o acceso á formación do profesorado das familias profesionais menos estendidas.

En consecuencia, co fin de facilitar o desenvolvemento desta formación nos propios centros docentes, procede facer pública a oportuna convocatoria consonte as presentes bases.

2. Bases

2.1 Obxecto

Convocar un máximo de 75 proxectos de formación do profesorado de formación profesional, nos centros educativos de niveis non universitarios que impartan estas ensinanzas.

Os proxectos basearanse na análise dunha área de mellora a partir da detección de necesidades e da autoavaliación da práctica docente. A estes efectos, o profesorado contará coa orientación e o asesoramento do persoal asesor de formación profesional dos centros de formación e recursos e do CAFI.

Estes proxectos deberán atender a aspectos xerais dos ámbitos científico, técnico, curricular, organizativo e de investigación educativa adaptados ao modelo do centro, e contar co compromiso de implantación ou de aplicación para propiciar o cambio e a innovación.

Cada proxecto poderá incorporar profesorado de diferentes centros que comparta a súa necesidade de formación, para lograr o número adecuado de participantes e o óptimo aproveitamento dos recursos.

O grupo de participantes ha elaborar o proxecto de traballo baixo a dirección do coordinador ou da coordinadora, do persoal asesor de formación profesional dos centros que configuran a rede de formación permanente do profesorado, e, de ser o caso, da persoa experta e/ou do equipo externo que vaian impartir docencia no proxecto.

2.2 Persoas destinatarias

Os proxectos contarán cun mínimo de catro participantes e un máximo de doce que cumpran as seguintes condicións:

- Ser funcionarios nalgún dos corpos e especialidades vinculados ás ensinanzas de formación profesional inicial.
- Impartiren docencia en ensinanzas de formación profesional.
- Dependeren da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Os participantes poderán pertencer a un centro ou a varios. Neste último caso, o centro sede será o do membro que exerza a coordinación.

Logo de aprobado o proxecto, non se poderán incorporar novos participantes.





No suposto de se produciren baixas e non se alcanzar o número de catro participantes, o proxecto terá que suspenderse, non dando lugar á certificación de ningún dos seus integrantes.

2.3 Duración

A duración do proxecto de formación será dun mínimo de 20 horas e dun máximo de 50 horas, durante o curso académico 2014-2015.

Os proxectos de formación en centros de formación profesional en ningún caso poderán interferir coas actividades lectivas establecidas no horario do profesorado.

Durante o período ordinario de realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT) deberán estar cubertas as actividades de recuperación de módulos pendentes así como o seguimento do propio módulo de FCT e, de ser o caso, do módulo de proxecto.

2.4 Preinscrición

Realizarse en liña a través da aplicación informática FPROFE cubrindo os datos requiridos na pestana "GT, Seminario, PFAC, PFFP".

Posteriormente, o asesor ou a asesora de formación profesional do centro de formación e recursos do seu ámbito, e do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) no caso do ámbito de Santiago de Compostela, porase en contacto coa persoa que coordine o proxecto co fin de ofrecer orientación na delimitación do tema e asesoría na elaboración do proxecto.

O prazo para realizar a preinscrición remata o 24 de outubro.

2.5 Solicitude de participación

A solicitude de participación que incluíra os detalles do proxecto, realizarase utilizando o formulario segundo o modelo electrónico do anexo I, que se pode descargar do enderezo que se indica deseguido.

- [<http://www.edu.xunta.es/fp/convocatoria-proxectos-de-formacion>]

O coordinador do proxecto remitiralle ao asesor ou á asesora de formación profesional do centro de formación e recursos do seu ámbito e do CAFI (no ámbito de Santiago de Compostela) dúas copias do devantito anexo I.

A primeira copia enviarase por correo electrónico. A segunda copia, en soporte impreso e asinada polo director ou a directora do centro sede, presentarase no centro de formación e recursos do seu ámbito.

Non se valorarán os modelos que se cubran á man.

A data límite de presentación da solicitude será o día 14 de novembro de 2014.





2.6 Comisión de selección

Unha comisión realizará a selección na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Composición

Esta comisión ha ter a seguinte composición:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.
- A persoa titular do Servizo de Ordenación e Formación Profesional.
- A persoa titular do Servizo de Formación do Profesorado.
- Un asesor ou asesora de formación profesional, pertencentes aos servizos centrais da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- O persoal asesor de formación profesional con destino nos centros que configuran a rede de formación permanente do profesorado, de entre os cales un/unha actuará como secretario/a.

Funcións

Son funcións da comisión de selección as seguintes:

- Seleccionar e aprobar os proxectos presentados que cumpran os requisitos e os criterios establecidos na presente convocatoria.
- Velar para que se cumpran as condicións establecidas na aprobación definitiva.
- Resolver sobre a continuidade dos proxectos dos que, a partir do seu seguimento, se deduza que non se axusten ás condicións de aprobación.
- Avaliar e propor a certificación da formación de participantes logo de concluído o proxecto, entregada a memoria final e valorada esta positivamente.

2.7 Selección

Tras a análise das solicitudes recibidas e os informes elaborados polo persoal asesor responsable de cada proxecto, a comisión de selección reunirse no prazo máximo de quince días naturais a partir da data límite de presentación de solicitudes, para a selección e aprobación entre quen, cumprindo os requisitos mencionados nas bases desta convocatoria, se axuste máis aos seguintes criterios:

- Relevancia innovadora do proxecto.
- Adecuación ás liñas prioritarias propostas.
- Rigor e coherencia na elaboración do proxecto e na concreción dos obxectivos, dos contidos e do orzamento.





Logo do proceso de selección redactarase a acta correspondente, na que figurará a relación dos proxectos seleccionados e aprobados e a dos denegados. Esta acta deberá incluír os seguintes datos:

- Título do proxecto.
- Nome da persoa coordinadora do proxecto.
- Nome do centro sede do proxecto.
- Número de profesores e profesoras participantes.
- Número de horas asignadas para a realización do proxecto.

2.8 Resolución da convocatoria

A aprobación definitiva farase pública no seguinte enderezo:

- [<http://www.edu.xunta.es/fp/convocatoria-proxectos-de-formacion>]

Contra esa resolución, as persoas interesadas poderán presentar as oportunas alegacións perante o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, no prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

2.9 Dotación e xestión económica

Cada proxecto ha contar cun orzamento máximo de 1.500 euros para o seu desenvolvemento, polo que cumprirá achegarlle a correspondente proposta debidamente detallada, xustificada e valorada, consonte os seguintes conceptos:

- Docencia ou intervención e dirección, se a houber, de persoas expertas externas ao proxecto e non destinadas no propio centro sede, que non poderá exceder o 50 % do total das horas previstas para o desenvolvemento do proxecto.
- Desprazamentos de persoas relatoras e asistentes, cando cumpra para o desenvolvemento dalgunha das actividades propostas.
- Material ofimático, cun máximo de 200 euros.
- Material bibliográfico, cun máximo 200 euros.
- Material funxible.

A comisión poderá autorizar, de xeito excepcional, en casos debidamente xustificados, un orzamento superior aos 1.500 euros.

Con independencia do orzamento presentado, a comisión de valoración poderá solicitar os informes necesarios para verificar a adecuación das contías solicitadas aos obxectivos propostos. Ademais, deberá constar expresamente que non se recibirá nin se vaia solicitar ningunha outra achega económica.

Non se poderá realizar ningún gasto antes do 15 de marzo de 2015.

O asesor ou a asesora responsable de cada proxecto han realizar a súa xestión económica, con cargo ao orzamento do plan de formación do profesorado de formación profesio-





nal.

Do importe total do orzamento co que se dota cada proxecto, o 80% está financiado pola Unión Europea (Fondo Social Europeo).

2.10 Coordinación e asesoramento

O coordinador ou a coordinadora do proxecto serán responsables do seu desenvolvemento. Xa que logo, correspóndenlles, entre outras funcións, as de organizar o traballo do grupo; convocar, dirixir e comprobar a asistencia ás reunións; coordinar a avaliación do proxecto, a elaboración dos materiais, así como a presentación da memoria final. Para tal efecto, redactarán actas das reunións de traballo que se celebren no desenvolvemento do proxecto e, na memoria final, consignarán o total de horas realizadas por cada participante.

O asesor ou a asesora responsable de cada proxecto ofrecerán apoio e asesoramento e, por tanto, participarán na elaboración e no desenvolvemento do proxecto, polo que deberán asistir ás sesións de traballo do grupo que consideren oportuno, nomeadamente a aquelas en que participen as persoas expertas ou relatoras externas.

Así mesmo, este mesmo persoal asesor será responsable da selección e da proposta das persoas expertas externas, que poderán participar tanto na elaboración e no desenvolvemento do proxecto escrito como impartindo os módulos formativos acordados, segundo os casos, e no proceso de avaliación final do proxecto.

2.11 Seguimento

O asesor ou a asesora responsable de cada proxecto informará do seguimento á comisión de selección.

Correspóndelle á comisión de selección, a avaliación do desenvolvemento do proxecto.

No caso de que a avaliación do desenvolvemento do proxecto por parte da comisión de selección sexa negativa, suspenderase a execución do proxecto.

2.12 Avaliación

- A avaliación de cada proxecto será competencia da comisión de selección.
- Os coordinadores ou as coordinadoras dos proxectos presentarán antes do día 30 de maio de 2015 a seguinte documentación:
 - a) Memoria final consonte o modelo electrónico do anexo II, que se pode descargar do enderezo [<http://www.edu.xunta.es/fp/proxectos-de-formacion>].
 - b) Actividade de aplicación directa á aula, en soporte informático e formato editable, tomando como referencia os procesos desenvolvidos durante o proxecto.
 - O tamaño total do arquivo non debería exceder os 10 MB.
 - O formato das imaxes insertadas no documento deberá ser de tipo “jpg”, “jpeg” ou “png”.





O asesor ou a asesora responsable de cada proxecto facilitaralle aos coordinadores e ás coordinadoras dos proxectos o modelo para seguir na elaboración da actividade de aplicación directa á aula.

- c) Unha declaración responsable de posuir, como autores, plenos dereitos de divulgación e publicación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre a totalidade dos materiais presentados, e de que estes non estean comercializados. A autoría deberá aparecer expresada na portada do traballo obxecto do proxecto. No caso de que se inclúan imaxes de menores, en aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, achegaranse as correspondentes autorizacións de pais, nais ou persoas responsables da súa titoría legal, en soporte impreso e electrónico (pdf), debidamente cubertas e asinadas.

- Os coordinadores ou as coordinadoras dos proxectos remitiranlle ao asesor ou á asesora responsable de cada proxecto dúas copias da documentación descrita neste apartado.

A primeira copia enviarase por correo electrónico, a segunda copia, en soporte impreso, presentarase no centro de formación e recursos do seu ámbito.

Non se valorarán os modelos que non se adapten ao formato proposto, nin os que se cubran á man.

- O persoal asesor responsable de cada proxecto deberá elaborar un informe final relativo ao desenvolvemento do proxecto, e á documentación entregada.
- A comisión de selección contará con estes informes para avaliar o desenvolvemento do proxecto e acordar o número de horas aos efectos de certificación.

Así mesmo, e de acordo co establecido no apartado c do punto 3 do artigo 9 da Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, a comisión de selección poderá propor para a persoa coordinadora de cada proxecto un 30 % máis do número de horas correspondente ao resto dos participantes no proxecto.

- Non se poderá propor para a certificación o profesorado que non asistira, como mínimo, ao 85 % da duración do proxecto.
- A acta de avaliación final farase pública no seguinte enderezo:
 - [<http://www.edu.xunta.es/fp/convocatoria-proxectos-de-formacion>]

2.13 Certificación

A dirección do correspondente centro de formación e recursos e/ou do CAFI expediralle ao profesorado participante o certificado acreditativo da súa participación no proxecto.

Neste certificado deberá constar o número de horas realizadas, proposto pola comisión de selección na acta de avaliación final do proxecto.





2.14 Difusión e publicación de materiais

Os materiais elaborados nos proxectos poderán ser difundidos pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a través da aplicación de elaboración e seguimento de programacións, da rede de centros de formación, dos centros integrados de formación profesional e do portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ou a través de calquera outro medio que estime oportuno.

Se o grupo de formación decide publicar os materiais elaborados, deberán axustarse á normativa vixente, tanto na orixinalidade dos materiais como no uso de imaxes. Deberá tamén facer constar que tivo subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e estarán suxeitos a lizenza Creative Commons BY-NC-SA.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2014

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

